

O POLÍGONO INDUSTRIAL ICARIA ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

O Polígono Industrial Icaria en Oleiros acolle o martes 14 de abril unha nova visita das unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). A unidade móbil estará estacionada na Rúa Ícaro, diante da empresa Disashop, das 09:30 ás 14:30 horas para facilitar a doazón de todas as persoas que desexen participar.

Esta é a terceira visita das unidades móbiles da ADOS ata o Polígono Industrial Icaria e recolleu, nas visitas precedentes, un total de 23 doazóns de sangue. A Axencia quere convidar a todos os traballadores e traballadoras da superficie industrial a que tomen parte nesta nova campaña de doazón de sangue.